



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

NOMEAMENTO DE D^a MARÍA RAMA FAYA, COMO FUNCIONARIA INTERINA POR VACANTE DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADORA SOCIAL

POLO PRESENTE DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NAS BASES QUE REXEN/REXERON O PROCEDEMENTO, BASE DÉCIMO SEGUNDA, FAISE PÚBLICO QUE CON DATA 30/01/2026, DITOUSE A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 52/2026, QUE A CONTINUACIÓN SE TRANSCRIBE

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE D^a MARIA RAMA FAYA, COMO FUNCIONARIA INTERINA POR VACANTE DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL.

EXPEDIENTE: 2025/X999/000421

Con data 22/12/2025, esta alcaldía ditou a resolución núm. 708/2025, sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CHAMAMENTO/S DA BOLSA DE EMPREGO CREADA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL. INICIO DO/S CHAMAMENTO/S EN DECEMBRO DE 2025.

EXPEDIENTE: 2025/X999/000421

Visto que finalizado o proceso selectivo relativo á creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, esta alcaldía ditou a oportuna resolución pola que, de conformidade co establecido nas bases que rexeron/rexen o procedemento de selección, procedeuse á aprobación/creación da correspondente bolsa de emprego. Así, na Resolución da Alcaldía núm. 356/2025, do 26/06/2025, consta na parte resolutiva (cita en extracto):

“Primeiro: Aprobar/crear a bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, que figura a continuación:

ORDE	NOME E DNI
1 ^º	KARINA GERPE COLLAZO ***3080**
2 ^º	MARÍA RAMA FAYA ***0432***
3 ^º	ÓSCAR CABANA GONZÁLEZ ***0197**
4 ^º	INÉS RODRÍGUEZ GARCÍA ***0942**

O funcionamento da antedita bolsa se axustará ao previsto nas bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, polo procedemento de oposición libre (publicadas no BOP núm. 57, de data 25/03/2025 e corrección de erros no BOP núm. 76 do 23/04/2025), base 12^a.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

.../”

Visto que nas bases que rexeron o procedemento e neste momento rexen o funcionamento da bolsa de emprego, establécese/establecíase e polo que aquí interesa:

“PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego que permita o nomeamento de persoal funcionario interino para o desempeño das funcións de traballador/a social, escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e/ou no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e así sexa apreciado por esta administración”.

“TERCEIRA.-O/S NOMEAMENTO/S E A FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE

Rematado o proceso selectivo poderase proceder, como xa se dixo, ao nomeamento de persoal funcionario interino cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e/ou no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e así sexa apreciado por esta administración.

.../”

“DÉCIMO SEGUNDA.- O FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

12.1.- O/s chamamento/s, nomeamento, toma de posesión e finalización da relación de interinidade (cese).

.../

Unha vez detectada a situación de necesidade para cobertura temporal, e tramitado o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento das circunstancias esixidas legalmente para proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino, así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía procederá ao chamamento sucesivo das persoas aspirantes por orde de listaxe, debendo as persoas interesadas manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Malpica de Bergantiños, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

.../”

Considerando que de acordo co establecido nas referidas bases, con data 17/12/2025, esta alcaldía subscribiu o documento denominado “XUSTIFICACIÓN DUN NOVO CHAMAMENTO PARA NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO (POR VACANTE) DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL” no que entre outras cuestións queda acreditada a situación de necesidade de cubrir temporalmente a referida praza e os demais requisitos/presupostos esixidos pola normativa aplicable, fundamentalmente o art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público e o art. 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Visto que na mesma data, o 17/12/2025, esta alcaldía solicitou a emisión de certificado de existencia de crédito e someteu o expediente á intervención municipal, emitindo esta o referido certificado e informe de fiscalización (fase A).

Visto que no xa citado documento “XUSTIFICACIÓN DUN NOVO CHAMAMENTO PARA NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO (POR VACANTE) DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL” consta, cita literal, omitindo a identificación da persoa xubilada:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

“O pasado venres, 12/12/2025, esta Alcaldía ditou a Resolución núm. 686/2025, sendo a súa parte resolutiva a que segue, cita en extracto.

Primeiro. Declarar a xubilación de ***, con DNI ***4980**, funcionaria de carreira deste concello, con data e efectos do 13/12/2025

.../”.

Con data 15/12/2025 esta alcaldía ditou a Resolución núm. 689/2025 na que se dicía, cita en extracto:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CESE DE D^a MARÍA RAMA FAYA, COMO FUNCIONARIA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADORA SOCIAL

EXPEDIENTE: 2025/X999/000255

Con data 16/09/2025, esta Alcaldía ditou a Resolución núm. 482/2025, sendo a súa parte resolutiva a que segue, cita en extracto.

“Primeiro. Nomear a D^a María Rama Faya, con DNI. ***0432**, funcionaria interina por substitución do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social.

*Sendo a funcionaria substituída ***, con DNI ***4980**, a cal se encontra en situación de incapacidade temporal.*

Advertir que serán causas de cese da referida funcionaria interina as previstas nas bases que rexen/rexeron o procedemento e en todo caso as previstas pola normativa que resulte de aplicación, fundamentalmente o art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público e art. 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

.../”

Con data 19/09/2025 se produce a toma de posesión da Sra. Rama Faya, segundo consta na acta estendida ao efecto, como funcionaria interina por substitución do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social.

O pasado venres, 12/12/2025, esta Alcaldía ditou a Resolución núm. 686/2025, sendo a súa parte resolutiva a que segue, cita en extracto.

Primeiro. Declarar a xubilación de ***, con DNI ***4980**, funcionaria de carreira deste concello, con data e efectos do 13/12/2025

.../”.

*Segundo o establecido no art. 63 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público é causa da perda de condición de funcionario de carreira a xubilación total. Polo tanto, con efectos 13/12/2025, ao ter perdido a *** a condición de funcionaria de carreira, a praza/posto de persoal funcionario de carreira grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, ten quedado vacante, ao tempo que ten desaparecido a causa que deu lugar ao nomeamento como funcionaria interina por substitución da Sra. Rama Faya (vid. supra), reiterando que a funcionaria substituída era a ***, non podendo substituírse, é claro, a aquel persoal funcionario que xa non ten relación de servizo con esta administración.*

O art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece “En todo caso, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de por as previstas no artigo 63, sen dereito a compensación algunha:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

.../

d) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento”.

No mesmo sentido que o anterior, como non podía ser doutra forma, as “BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE” e que deron lugar ao nomeamento da Sra. Rama Faya. establecen:

1.- “TERCEIRA.-O/S NOMEAMENTO/S E A FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE

.../

Será causa de finalización da relación interinidade a concorrencia de calquera das causas previstas pola normativa vixente. Polo tanto, e en todo caso, o Concello de Malpica de Bergantiños, formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do TREBEP, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola cobertura regrada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.
- b) Por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou á amortización dos postos asignados.
- c) Por finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- d) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento”

2.- “DÉCIMO SEGUNDA.- O FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

12.1.- O/s chamamento/s, nomeamento, toma de posesión e finalización da relación de interinidade (cese).

.../

Será causa de finalización da relación interinidade (cese) a concorrencia de calquera das causas previstas pola normativa vixente.”

Igualmente na resolución da Alcaldía pola que se procedeu ao nomeamento indicouse, vid. supra: “Advertir que serán causas de cese da referida funcionaria interina as previstas nas bases que rexen/rexeron o procedemento e en todo caso as previstas pola normativa que resulte de aplicación, fundamentalmente o art. 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público e art. 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)”.

Considerando, pois, os antecedentes e fundamentos anteriormente expostos, isto é que ten desaparecido a causa que deu lugar ao nomeamento, non se está/non se pode substituír xa a ***, posto que esta ten perdido a condición de funcionaria de carreira, noutras palabras se ten extinguido a relación de servizo, con efectos do 13/12/2025, e sendo hoxe o primeiro día hábil desde que se xerou esa situación, é polo que en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro. Cesar a D^a María Rama Faya, con DNI. ***0432** como funcionaria interina por substitución do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, ao ter desaparecido a causa que deu lugar ao nomeamento, a substitución da funcionaria de carreira ***.

Dito cese producirá efectos desde o día de hoxe, 15/12/2025, debéndose proceder pola devandita funcionaria interina a formalizar a correspondente acta de cese.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

.../”.

O acto formal de cese, formalizouse o mesmo día 15/12/2025.

En definitiva, o día 15/12/2025, se tivo que poñer fin á relación de interinidade existente por ter desaparecido a causa legal que deu lugar ao nomeamento pero non así a razón de fondo que o motivou.

Polo tanto, neste momento e como xa se avanzou e considerou no seu día, resulta preciso proceder a un novo nomeamento para garantir o normal e eficaz funcionamento do departamento de servizos sociais do concello, cumprindo, ademais e así, coas obrigas/competencias que ten atribuídas esta administración local en materia de servizos sociais, de forma meramente enunciativa coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

En conclusión, trátase de que novamente, coa incorporación de persoal se garanta o normal e eficaz funcionamento do departamento de servizos sociais, prestando á veciñanza este servizo nas mellores condicións posibles e ao alcance desta administración, non debendo ser demorada no tempo esta nova incorporación/nomeamento.

Á vista do exposto enténdese que se ten xustificado cumpridamente e polo miúdo o carácter necesario, excepcional, urxente e inaprazable do nomeamento pretendido, sen prexuízo, claro está que se adopten as medidas oportunas para a cobertura da praza vacante por persoal funcionario de carreira.

Por outra banda, o nomeamento de persoal funcionario interino, como se deprende das normas transcritas ao inicio da presente, se fundamenta nun repertorio cerrado de circunstancias xustificativas, de forma que o nomeamento responde sempre a un principio causal, causa esta que se erixe nun requisito de validez do acto administrativo do nomeamento, debendo constar esta de modo expreso na motivación do referido acto.

*Así, pois, en canto a circunstancia/causa a considerar no nomeamento pretendido debe indicarse que o mesmo realizaríase ao amparo do previsto no art. 10.1 a) do TREBEP e concordante art. 23.2 a) da Lei 2/2015, isto é, o suposto de interinidade por vacante, situación esta, que como xa se dixo, deriva da extinción da relación de servizos da ***, ao terse xubilado con efectos do día 13/12/2025”.*

Considerando que de conformidade coa base décimo segunda, a orde/posición das persoas integrantes da bolsa non se ten visto alterada desde a súa creación, debendo procederse, pois, ao chamamento pola orde que figura naquela (vid. supra).

Vistos, pois, os antecedentes e fundamentos anteriormente expostos é polo que en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e de conformidade co previsto nas “Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, polo procedemento de oposición libre”,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder ao chamamento de **Dª KARINA GERPE COLLAZO**, DNI ***3080**, primeira da lista da bolsa de emprego aprobada/creada para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, indicando que a causa/circunstancia do nomeamento é a existencia de praza vacante.

De conformidade coa base décimo segunda que rexe/rexeu o procedemento de selección e agora rexe o funcionamento da bolsa, advertir á citada aspirante do seguinte:

1º.-Que deberá manifestar por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación desta oferta (publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do concello) o seu interese en ser nomeada funcionaria interina, transcorrido o cal entenderase que renuncia pasándose a realizar o chamamento ao/á seguinte da lista.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2º.- Que no caso de manifestar o seu interese en ser nomeada (aceptación da oferta), achegará no prazo máximo de cinco (5) días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, base quinta, así como toda a documentación requirida polo departamento de persoal co fin de efectuar o nomeamento e toma de posesión como persoal funcionario interino, sempre que non obren xa en poder desta administración.

3º.- Que deberá realizar un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas da praza. Recoñecemento médico que será realizado polo servizo de prevención externo do concello, sendo citada oportunamente para a realización do mesmo.

Segundo.- Proceder á publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Terceiro.- Que, no caso de ser preciso, os sucesivos chamamentos as persoas aspirantes se realicen mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios electrónico do concello sen que sexa preciso ditar unha nova resolución desta alcaldía respectándose en todo caso a orde da bolsa (omitido o primeiro posto), que é a que segue:

ORDE	NOME E DNI
2º	MARÍA RAMA FAYA ***0432***
3º	ÓSCAR CABANA GONZÁLEZ ***0197**
4º	INÉS RODRÍGUEZ GARCÍA ***0942**

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

De conformidade co establecido nas bases que rexen/rexeron o procedemento e na resolución antes transcrita procedeuse á realización dos correspondentes e sucesivos chamamentos, renunciando, a primeira persoa aspirante da bolsa de emprego creada a ser nomeada funcionaria interina.

Con data 05/01/2026 realízase o segundo chamamento correspondente á Sra. Rama Faya a cal en data 07/01/2026 (RXE núm. 202600000000048) manifesta o seu interese/acepta ser nomeada funcionaria interina por vacante.

No anuncio do chamamento dicíase: *"Que no caso de manifestar o seu interese en ser nomeada (aceptación da oferta), achegará no prazo máximo de cinco (5) días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, base quinta, así como toda a documentación requirida polo departamento de persoal co fin de efectuar o nomeamento e toma de posesión como persoal funcionario interino, sempre que non obren xa en poder desta administración".*

A Sra. Rama Faya achega ao citado escrito presentado o día 07/01/2026 a documentación á que se refire o parágrafo anterior, aínda que esta xa obraba en poder desta administración.

Por outro lado, a citada aspirante someteuse ao preceptivo recoñecemento médico, sendo declarada apta.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Vistos, pois, os antecedentes e fundamentos anteriormente expostos e que o expediente ten sido fiscalizado de conformidade pola intervención no día de onte, é polo que en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e de conformidade co previsto nas *"Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballador/a social, polo procedemento de oposición libre"*

RESOLVO:

Primeiro. Nomear a D^a María Rama Faya, con DNI. ***0432**, funcionaria interina por vacante do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, traballadora social.

Advertir que serán causas de cese da referida funcionaria interina as previstas nas bases que rexen/rexeron o procedemento e en todo caso as previstas pola normativa que resulte de aplicación, fundamentalmente o art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público e art. 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Segundo. Notificar a presente á funcionaria nomeada con indicación dos recursos que proceda, sinalando que de conformidade coa base 12^a que rexe/rexeu o procedemento deberá tomar posesión no prazo de tres días hábiles contados desde a data da referida notificación.

Terceiro. Dar traslado da presente aos servizos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Cuarto. Proceder á publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do concello indicando o réxime de recursos que proceda contra a mesma, anonimizándose os datos persoais que resulten precisos, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Eduardo J. Praga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

RECURSOS: Contra a presente resolución/acto, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, contando desde o seguinte á publicación/notificación da presente resolución, non podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se teña producida a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contenciosa-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso potestativo de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia de A Coruña (sección do contencioso-administrativo) no prazo de dous meses contados desde o seguinte a aquel en que se notifique a resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

do recurso contencioso-administrativo será de seis meses desde que se entenda desestimado por silencio administrativo, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode interpoñerse directamente ante o Tribunal de Instancia correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente.

Os prazos fixados por meses concluirán o mesmo día no que se produciu a notificación/publicación ou o silencio administrativo.

En canto a competencia territorial do Tribunal de Instancia se estará ao establecido no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa e a Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público da Xustiza.

Así mesmo, poderase utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

O Alcalde,

Eduardo J. Parga Veiga